


MATEMÁTICAS

- Leer y observar los dibujos de la explicación.
- Copiar el recuadro amarillo "Rectas perpendiculares y ángulos rectos".
- Pág. 116 ej. 1 y 3.


Rectas perpendiculares y ángulos rectos

Dos rectas que al cortarse forman cuatro ángulos iguales se llaman **rectas perpendiculares**.



Los ángulos que determinan dos rectas perpendiculares se llaman **ángulos rectos**.



- 1 Encuentra, entre estas rectas, dos pares de rectas perpendiculares, dos pares de rectas paralelas y dos pares de rectas secantes no perpendiculares:



- 2 Nombra los elementos perpendiculares que encuentres en estos objetos:



- 3 Dobra una hoja de papel. Vuelve a doblarla, haciendo coincidir los extremos del primer doblez. Abre la hoja, y comprueba, con la escuadra, que las marcas de los dobleces son perpendiculares.



LINGUA GALEGA

- Páx. 136 ex. “Resumo”, 1, 2, 3 e 4.

RESUMO

Copia e completa no teu caderno.



Vocabulario

- As palabras ... están formadas por dúas ou máis palabras simples.

Gramática

- Os ... expresan número. Poden ser:
 - ..., se indican unha cantidade.
 - **Ordinais**, se indican a ... na que aparece un elemento.

Ortografía

- Escribimos **g** diante de ..., ..., ...: *tartaruga, domingo, segundo*.
- Escribimos ... diante de *e, i*: *salgueiro, agúa*.
- Escribimos ... diante de *e, i* cando queremos que soe o *u*: *pingüín*.

Literatura

- A ... é un conto breve protagonizado por ... e que contén unha ensinanza.

REFORZO

1 Adiviña quen é e debúxao:

De nome parvo,
apelido real;
abano pintado
se quere ligar.

Gloria Sánchez

2 Une as palabras e forma compostas:

raña
rei
beira
noite

mar
ceos
vella
rei

3 Copia os numerais e clasifícaaos en cardinais ou ordinais:

- O día ten vinte e catro horas.
- Alonso quedou en terceiro lugar.
- Non vou repetir o mesmo dez veces.
- Febreiro é o segundo mes do ano.

4 Completa o texto con **g**, **gu** ou **gü**:

...endolina vivía en Si...eiro e quería comprar uns zapatos coas lin...etas amarelas. Non os atopou por nin...ures, así que foi á cidade para conse...ilos.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Ler as páxinas 76, 77, 78 e 79.
- Contestar as **tres primeiras preguntas** da páx. 77.

6

Os animais e as plantas na natureza



Apunta e debuxa

Os biólogos pasan moitas horas no campo estudando as plantas e os animais. Obsérvano todo sen perder detalle: como son, onde viven e como se alimentan.

Loxicamente, non o gardan todo na memoria, pois sería imposible. Terían que lembrar o que viron, o día, a hora, o tempo que ía, os outros animais ou plantas que había preto...

Todo isto, e calquera outra cousa que resulte interesante, anótano nun caderno, que recibe o nome de *caderno de campo*.

Tamén é importante debuxar neste caderno os animais e as plantas que se ven, para asegurarse de que se identifican de forma correcta.



Le e comprende o problema

- Como traballan os biólogos?
- Que tipo de cousas deben lembrar?
- Onde anotan os datos?
- Que está ocorrendo na fotografía da páxina anterior e na desta páxina?
- **EXPRESIÓN ORAL.** Cóntalles aos compañeiros que animais e plantas viches nalgũa ocasión polo monte. Dilles cando os viches, en que lugar e que che pareceu a experiencia.



SABER FACER



TAREFA FINAL

Realizar un caderno de campo

Ao rematar a unidade aprenderás a rexistrar de forma adecuada as túas observacións nun caderno de campo.

Antes vas estudar os principais tipos de vexetación e as diferenzas máis importantes entre os animais acuáticos e os terrestres.

QUE SABES XA?



- Os animais vertebrados divídense en mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes.

A avestruz non voa. Como sabemos que é unha ave e non outro tipo de animal?

- As plantas, igual ca os animais, realizan as tres funcións vitais. Podemos dividi-las en musgos, fentos e plantas con flores.

Explica para que serven as flores e di o nome dalgũa planta con flor que coñezas.



A vexetación

As plantas que viven nun lugar dependen do tipo de terreo, do clima, da humidade... Algunhas plantas, por exemplo, soportan moi ben o frío, mentres que outras necesitan calor. Unhas viven en sitios moi húmidos, mentres que outras soportan grandes secas.

A **vexetación** é o conxunto das plantas que viven nunha zona, rexión ou país.

Segundo a vexetación, podemos distinguir bosques, matogueiras, pradarias e desertos.

TRABALLA COA IMAXE

- Observa o bosque da fotografía e indica se está formado por un tipo de árbores ou por varios.

O bosque

Os bosques compóñense de moitas árbores que medran preto unhas das outras. Algúns están formados por un só tipo de árbore, como un piñeiral, unha carballeira ou un faial, e outros por moitas árbores diferentes, como as selvas tropicais.

Para que se forme un bosque é necesario que haxa suficiente humidade e un bo terreo, entre outros factores.

A selva do Amazonas é a maior do mundo.



A matogueira

A matogueira está formada sobre todo por arbustos. Aparece cando o terreo é demasiado pobre para que haxa un bosque ou cando non hai suficiente humidade.

En ocasións, a matogueira medra en lugares onde había un bosque que foi cortado ou que se perdeu polo lume. Co tempo, esta matogueira pódese transformar de novo nun bosque.

Matogueira formada por xaras e outros arbustos.



A pradaría

As pradarias son grandes extensións cubertas de herba e sen apenas árbores nin arbustos. Encóntranse en lugares con longas tempadas de seca, onde non se pode formar un bosque.

As herbas morren todos os anos, pero quedan as sementes, que agroman na temporada seguinte.

A pradaría africana chámase sabana e alberga moitos animais.



O deserto

No deserto hai moi pouca humidade. Case non hai plantas, só as que dan sobrevivido con pouca auga, como os cactus, que acumulan a auga nos talos. O clima é moi extremo. Case non chove e a temperatura pode ser moi alta durante o día e moi baixa durante a noite.

Deserto de area en que as plantas son moi escasas.



A vexetación dun lugar depende das súas características e pode dar lugar a bosques, matogueiras, pradarias ou desertos.

ACTIVIDADES

- 1 Explica coas túas propias palabras o que é a vexetación e indica que tipo de vexetación hai na zona en que vives.
- 2 **USA AS TIC.** Busca información sobre a sabana africana. Explica como é a súa vexetación.
- 3 **EXPRESIÓN ORAL.** Expoñede cal dos tipos de vexetación vos parece máis interesante para facer unha excursión e por que.

Intelixencia naturalista